

PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE
Campo Lameiro

Cartafol didáctico | ano 2026



Unha viaxe á Prehistoria e á Arte Rupestre de Galicia !



1	Que é o paar?	4
	- O cartafol didáctico do PAAR	4
	- A exposición permanente do CIDAR	5
	- Unha área arqueolóxica de 22 hectáreas	5
2	Programa didáctico	6
	- Opcións de visita	6
	- Visitas interpretativas (área arqueolóxica)	7
	- Exhibicións arqueoloxía experimental	8
	- Obradoiros didácticos	9
3	Como tramitar a reserva	13
	- Cadro resumo dos obradoiros	14
4	Os servizos do PAAR	15
5	Antes de visitar o PAAR	16

1 Que é o PAAR?

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre é unha equipación cultural única para coñecer un dos **conxuntos máis importantes** de **gravados ao aire libre de Europa**.

Os petróglifos foron feitos en moitas épocas e por motivos moi diversos, pero os máis comúns en Galicia son os correspondentes coa chamada Idade do Bronce, que deu comezo fai aproximadamente 4.000 anos.

Estas marcas nas pedras son unha forma de expresión, unha ferramenta empregada pola xente da Prehistoria para comunicar unha mensaxe que aínda podemos ver hoxe en día, e que te axudaremos a descifrar ao longo da túa visita polo Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (PAAR).



O cartafol didáctico do PAAR

Neste documento aportamos toda a información necesaria para que o público escolar poda coñecer polo miúdo a oferta de servizos e actividades dun espazo arqueolóxico singular, grazas ós seguintes elementos:

1. **Conxunto extraordinario de petróglifos** ao aire libre.
2. **Magnífica paisaxe cultural prehistórica** de 22 ha.
3. **Equipamento cultural** moderno.
4. Suxestivo **espazo expositivo interior**.
5. Consolidada **programación educativa e cultural adaptada** a todos os ciclos educativos.

Non soamente é importante transmitir o que facemos, senón como o facemos. Neste caso presumimos dun **equipo de profesionais** cunha contrastada experiencia profesional en arte, arqueoloxía e didáctica do patrimonio.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro é un centro de difusión e investigación dedicado aos gravados galegos que posúe dous espazos principais: o **Centro de Interpretación e Documentación da Arte Rupestre (CIDAR)** e a **Área Arqueolóxica**.

Atópase en Campo Lameiro porque é precisamente neste concello do Val do Lérez onde se localiza unha das maiores concentracións de petróglifos de toda Europa, así como algunhas das representacións máis espectaculares que coñecemos como é o caso do gran cervo da **"Laxe dos Carballos"**.



A exposición permanente do centro de interpretación

Os petróglifos non sempre son un fenómeno sinxelo de comprender ou observar, polo que no **CIDAR dámosche as claves para obter o máximo proveito da visita**, mediante unha exposición que, tema por tema e sala por sala, vai debullando os signos representados nas pedras, a investigación, a conservación, os significados dos gravados ou a vida cotiá das persoas que os concibiron.

Unha área arqueolóxica de 22 hectáreas

Un espazo ao aire libre onde descubriremos os petróglifos nos seus emplacementsos orixinais, nunha contorna moi respetuosa coa paisaxe, xa que é precisamente a **"paisaxe prehistórica"** do Parque un dos **elementos fundamentais** para **comprender** o sentido deste conxunto de **gravados rupestres**.

Ao longo dun **percorrido de aproximadamente 4km** poderás ver nove dos principais **petróglifos da zona**, así como un lugar moi especial: a recreación dun **pequeno poboado** onde descubrir como se vivía naquela época.

De feito, na visita guiada escollemos os principais petróglifos e puntos de interese da Área Arqueolóxica, e adaptamos o percorrido e contidos tendo en conta as características e nivel de cada grupo.

2 Programa didáctico

A acción educativa, no senso máis amplo do termo, é unha das funcións centrais do PAAR. A continuación expoñemos unha serie de actividades que poñemos a disposición da comunidade escolar nas que os obxectivos didácticos están en consonancia co currículo académico dos diversos ciclos escolares.

Ofertamos un programa con **visitas interpretativas**, **obradoiros**, **percursos** didácticos e **exhibicións de arqueoloxía experimental** adaptados ás necesidades específicas de cada ciclo educativo.

Orientamos este programa didáctico ao estudiantado dos ciclos de **educación infantil**, educación **primaria**, educación **secundaria** e **bacharelato**; así como a ciclos de **educación especial**, **formación profesional** e **educación de persoas adultas**.



Opcións de visita

Opción 1

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **exhibición de arqueoloxía experimental**

Duración | **1 hora 30 minutos**

Opción 2

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **obradoiro didáctico**

Duración | **2 horas**

Opción 3

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **2 obradoiros didácticos**
+ **exhibición de arqueoloxía experimental**

Duración | **3 hora 30 minutos**

Se ningunha destas opción se axeita ás túas necesidades, podemos deseñar unha experiencia personalizada.



Visitas interpretativas pola área arqueolóxica

Para educación infantil

Duración | **60 minutos**

Visita dinamizada na que Landra, unha rapaza da Idade do Bronce, iran os ensinando como era a **vida na Prehistoria** e **como se facían os petróglifos**. Da súa man, utilizando réplicas arqueolóxicas, reproducións de petróglifos e visitando un poboado, e mediante un pequeno xogo simbólico, coñeceremos máis en detalle como era a vida fai 4.000 anos.

Para outros niveis

Duración | **60 minutos**

Percursos guiados pola **área arqueolóxica adaptados** aos diferentes ciclos educativos para coñecer máis sobre os petróglifos, a paisaxe que os rodea e como era a vida na Idade do Bronce descubriendo un dos petróglifos mellor conservados de toda Galicia.



Exhibicións de arqueoloxía experimental

NA PROCURA DO LUME

Duración | **20 minutos**

A descuberta do lume e a súa “domesticación” cambiou por completo a vida dos nosos antepasados. Foi fonte de luz e calor, símbolo de protección e afianzador das relacións sociais, permitiu cociñar os alimentos e transformar as materias coas que producir mellores ferramentas. Pero naquel tempo non era doado obter lume, polo que unha labor importante era coidalo. Nesta exhibición amosaremos diferentes **técnicas** empregadas na **Prehistoria** para **acender un lume**.

UNHA PREHISTORIA CHEA DE ARTE

Duración | **20 minutos**

Ao longo da Prehistoria atopamos diferentes representacións artísticas: pinturas, gravados e esculturas. E aparecen en diferentes espazos e soportes: covas, abrigos, rochas e obxectos. Nesta exhibición faremos un pequeno repaso polos diferentes **estilos e representacións artísticas** máis **destacadas da Prehistoria** e amosaremos como **creaban pigmentos** e **reproduciremos algunhas das técnicas empregadas**.

Obradoiros didácticos

SEMENTES DO PASADO

Nivel | **Educación Infantil**

Duración | **1 hora**

Temática | **Agricultura**

Mediante esta actividade o alumnado poderá entender a importancia que tivo a **innovación tecnolóxica da agricultura**. Coñecerán en primeira persoa os procesos que conduciron ao descubrimento da domesticación das plantas e as vantaxes e cambios que significou para a vida dos seres humanos. Ademais **podrán plantar** e realizar parte do **proceso de produción** para a **obtención da fariña**.

Obxectivos didácticos |

- Valorar a importancia da agricultura para a vida dos seres humanos.
- Entender e aprender as fases simples da domesticación das plantas.
- Recoñecer e identificar as ferramentas principais da agricultura no Neolítico e a Idade do Bronce.
- Experimentar de primeira man coas réplicas arqueolóxicas destinadas á práctica arqueolóxica.

OS SÍMBOLOS NAS ROCHAS

Nivel | **Educación infantil**

Duración | **1 hora**

Temática | **Arte / Arqueoloxía**

Neste obradoiro recordaremos que son os petróglifos e descubriremos e identificaremos os diferentes **motivos que aparecen grabados** nas pedras: cabalos, cervos, barcos, espadas, círculos, puntos... Ademais o alumnado poderá **producir os seus propios petróglifos** sobre papel.

Obxectivos didácticos |

- Coñecer a Arte Rupestre e os motivos que foron grabados nos petróglifos.
- Descubrir a diversidade plástica dos petróglifos: xeométricos e figurativos.
- Producir e compoñer de forma individual un motivo rupestre.
- Desenvolver a creatividade e a destreza manual.

Obradoiros didácticos

AS CORES DA PREHISTORIA

Nivel | **Educación infantil , 1º e 2º de Primaria**


Duración | **1 hora**

Temática | **Arte**

Neste obradoiro, o alumnado entenderá a **importancia da linguaxe gráfica, plástica e visual** como medio de expresión na Prehistoria. Coñecerán diversas **réplicas arqueolóxicas** para finalmente **experimentar** de primeira man os diversos **procesos creativos da Prehistoria**, pintando cos dedos sobre un mural de papel.

Obxectivos didácticos |

- Adquirir coñecementos arredor da creación de pigmentos na Prehistoria.
- Coñecer os útiles básicos para a creación das pinturas na Prehistoria.
- Producir, deseñar e compoñer, individualmente ou en grupo, as fases do proceso de creación e realización dunha decoración mural.
- Reforzar a creatividade e destreza manual.



CERÁMICA PREHISTÓRICA

Nivel | **Educación Primaria**

Duración | **1 hora**

Temática | **Tecnoloxía / Arte**

Trátase dun obradoiro para descubrir un dos **maiores inventos da humanidade: a cerámica**. Unha actividade que, xunto con outras innovacións técnicas das comunidades agrícolas e gandeiras, mudou o curso da historia. Ademais poderán aprender algunhas das **técnicas empregadas** na **elaboración** e **decoración** das típicas **pezas da Idade do Bronce**.

Obxectivos didácticos |

- Descubrir e entender a importancia da cerámica para a vida cotiá.
- Reproducir as fases do proceso de creación e realización dunha peza cerámica.
- Reforzar a creatividade e destreza manual de forma individual do alumnado.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura Neolítica e da Idade do Bronce en Galicia.

CONTAS PARA O MÁIS ALÁ

Nivel | **3º, 4º, 5º, 6º de Primaria**

Duración | **1 hora**

Temática | **Xoiaría / Mundo funerario**

Este obradoiro comeza no CIDAR, onde visitaremos a réplica dunha **cista e o enxoval funerario do túmulo da Chousa Nova** (Silleda), a través dos cales aprenderemos máis sobre os **contextos funerarios antigos**. Despois o alumnado poñerá a proba os coñecementos adquiridos resolvendo unhas fichas e creará un colar “prehistórico” inspirado no de Chousa Nova.

Obxectivos didácticos |

- Reflexionar sobre a importancia do ámbito funerario nas comunidades humanas da Prehistoria.
- Comprender os modos de vida na Idade do Bronce a través da visita á área expositiva.
- Aprender nocións sobre o comercio baseado no intercambio de materiais na Prehistoria.

Obradoiros didácticos



Obradoiros didácticos

ARQUEÓLOG@S POR UN DÍA

Nivel | **Educación Primaria / 1º e 2º Educación secundaria**

Duración | **1 hora**

Temática | **Arqueoloxía / Arte**

Esta actividade amosa o **traballo diario dos arqueólogos** no rexistro e documentación da arte rupestre en Galicia, permitindo o achegamento ás tarefas de campo desta disciplina. Os participantes realizarán varios **calcos con diferentes técnicas**, utilizando como base as **réplicas de petróglifos** que se atopan **na área arqueolóxica**.

Obxectivos didácticos |

- Coñecer o mundo da arqueoloxía.
- Adquirir unha linguaxe específica.
- Entender, respectar e valorar a documentación e conservación da Arte Rupestre
- Realizar diversas técnicas de rexistro para crear a imaxe dun gravado.

A XINCANA DO CERVO

Nivel | **3º, 4º, 5º, 6º de Educación Primaria / Educación Secundaria**

Duración | **1 hora**

Temática | **Arqueoloxía / Arte**

Esta actividade permitirá ao alumnado ampliar e consolidar os coñecementos adquiridos durante a visita ó Parque. A través dunha serie de **preguntas e pistas** **percorrerán a Área Arqueolóxica** visitando zonas diferentes. Este itinerario permitirá tamén observar a paisaxe do PAAR, profundizando no coñecemento do ambiente e contexto natural que dá sentido aos gravados.

Obxectivos didácticos |

- Ampliar o coñecemento dos petróglifos da Área Arqueolóxica.
- Observar e descubrir a contorna natural do Parque.
- Reforzar as dinámicas de grupo e o traballo en equipo para lograr un obxectivo común.

Obradoiros didácticos

A CAZA NA PREHISTORIA

Nivel | **Educación Secundaria / Bacharelato**

Duración | **1 hora**

Temática | **Tecnoloxía**

O alumnado poderá descubrir mediante diversas réplicas e obxectos característicos a **evolución das técnicas cinexéticas** na Prehistoria, practicando a súa puntaría co **uso da azagaia e propulsor**.

Obxectivos didácticos |

- Aproximarse á vida dos diversos momentos da Prehistoria a través das técnicas de caza utilizadas polos seres humanos.
- Desenvolver a concentración e as habilidades manuais.
- Comprender e aprender as fases da evolución cultural cos útiles empregados para esta actividade.

Obradoiros didácticos

FIANDO O PASADO

Nivel | **Educación Secundaria / Bacharelato**

Duración | **1 hora**

Temática | **Téxtil**

Con esta actividade o alumnado poderá profundizar no coñecemento da **evolución do téxtil ao longo da Prehistoria**, especialmente cos **cambios do Neolítico**. Aprenderán a elaborar un tecido empregando un pequeno **tear individual** e **crearán unha pulseira**.

Obxectivos didácticos |

- Comprender as fases do proceso de elaboración da roupa ao longo da Prehistoria.
- Reforzar a creatividade e a destreza manual de forma individual do alumnado, así como de xeito colectivo e colaborativo.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos da introdución da agricultura e gandeiría, principalmente no referido á revolución dos produtos secundarios.

A METADE SILENCIADA

Nivel | **3º e 4º Educación Secundaria / Bacharelato**

Duración | **1 hora**

Temática | **Educación en igualdade**

Posta en valor do traballo das **mulleres nas sociedades** campesiñas e gandeiras. Ao mesmo tempo explicárase o seu papel no **crecemento e mantemento do grupo e na evolución da sociedade**. O alumnado terá que analizar o troco do rol feminino e propoñer **ideas** para **mellorar a exposición**.

Obxectivos didácticos |

- Aproximarse á vida das mulleres na Prehistoria.
- Adquirir vocabulario específico.
- Reflexionar arredor das diferenzas entre a muller na Prehistoria e a actualidade e os roles de xénero usados na exposición permanente do PAAR.



3 Como tramitar a reserva

1 Escoller a modalidade de visita

Opción 1

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **exhibición**

Duración | **1 hora 30 minutos**

Prezo | **7€/estudante**

Opción 2

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **obradoiro didáctico**

Duración | **2 horas**

Prezo | **7,50€/estudante**

Opción 3

Visita Interpretativa pola Área Arqueolóxica do PAAR
+ **2 obradoiros didácticos**
+ **exhibición**

Duración | **3 hora 30 minutos**

Prezo | **9,50€/estudante**



2 Contactar co PAAR

a_ Correo electrónico: **didactica@paar.es**

Teléfono: **886 151 195**

b_ Unha vez confirmada a reserva e pechado o plan didáctico, recibiredes un **documento de confirmación** con todos os datos da visita (data, horarios, número de participantes, idades, número de grupos); así como o plan de traballo a seguir o día da visita ó PAAR.

> O PAAR no teu cole

Se non podes vir ao PAAR, vai o PAAR a túa escola. Non podemos mover os petróglifos do sitio, pero podemos achegarvos o seu mundo dun xeito dinámico e entretido! Contacta connosco para obter máis información: **didactica@paar.es**



Cadro resumo dos obradoiros

OBRADOIRO	INFANTIL	PRIMARIA						E.S.O.				BACH. SUP.	
		1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º		
Sementes do pasado	x												
Os símbolos nas rochas	x												
As cores da Prehistoria	x	x	x										
Cerámica prehistórica		x	x	x	x	x	x						x
Contas para o máis alá		x	x	x	x	x	x						
Arqueólog@s por un día		x	x	x	x	x	x	x	x				x
A xincana do cervo				x	x	x	x	x	x	x	x		
Fiando o pasado								x	x	x	x		x
A caza na Prehistoria								x	x	x	x		x
A metade silenciada										x	x		x

4 Outros servizos que ofrecemos

Para completar unha xornada de visita ao Parque poñemos á túa disposición outros servizos e espazos:

- **BAÑOS**
Con aseos adaptados e cambiador para bebés.
- **TENDA**
Con produtos de artesanía e recordos do PAAR.
- **CAFETERÍA**
Con mesas e máquinas expendedoras.
- **MERENDEIRO**
Para descansar e facer picnic.
- **APARCADOIRO**
Para turismos, autocares e autocaravanas.
- **CONSIGNA**
Para gardar prendas de abrigo e obxectos persoais.
- **CADEIRA DE RODAS TODO TERREO**
Para as persoas con dificultades de mobilidade.



5 A ter en conta

Os petróglifos localízanse na Área Arqueolóxica do Parque de Campo Lameiro. Os visitantes a este espazo arqueolóxico aceptan as seguintes normas para o uso das instalacións:

- Os **petróglifos** posúen **protección legal** específica (Bens de Interese Cultural). Calquera agresión neles será sancionada pola administración, sendo especialmente daniño pisar a superficie dos paneis, ou remarcar os sucos dos gravados.
- Utilizar os **camiños habilitados** e **sinalizados** pola organización.
- **Respectar a flora e a fauna** presente nas 22 hectáreas da Área Arqueolóxica.
- **Prohibición de depositar lixo** ou calquera outro tipo de obxectos dentro do recinto.

O CIDAR é un espazo que require dun ambiente de tranquilidade e sosego para unha visita de calidade.

- Os **grupos** deben ir sempre **acompañados**, o alumnado non pode visitar a exposición permanente sen a presenza do profesorado.
- Non se pode entrar con **comida e bebida** no **Centro de Interpretación**.



Recomendacións para a visita

- **Calzado e roupa cómoda**
- **Roupa e calzado impermeable e unha muda para os días de choiva**
- **Un sombreiro ou gorra e crema protectora para o sol**





XUNTA
DE GALICIA



PARQUE ARQUEOLÓXICO
DA ARTE RUPESTRE
Campo Lameiro